

Dr. Francisco Vales Villamarín
Maestro de la Escuela ma-
cional de los Pastores
Coruña

REXURDIMENTO

Redacción e Administración

Praza dos Irmáos García
Naveira, núm. 22

BOLETIN QUINCENAL

ORGÃO DOS INTERESES MARINAS

PREZOS DE SUSCRICIÓN

Betanzos, trimestre . . . 0'60
Fora da localidade . . . 0'90
Exemplar . . . 0'10



ANO I.

Betanzos, 16 d'Outono do 1922.

NÚM: 6

Encol do Razonalismo

II

Nacéu o nazonalismio gallego á favor da baruda vontade d'un fato de mozos, que, rachando a indiferenza media, plantea de novo o vello problema da liberdade patria. Como de mocedad, é obra de santas rebeldías creadoras e restauradoras, e, con tal carácter, sigue hoxe, ceive de toda traba, eisento de todo partidismo, convivindo en elas antagónicas e contrapostas apreciaciós poléticas, relixiosas, sociaes... cinguidas en común amor á patria uneca, en rexa arela do seu total rexurdir.

O nazonalismo na Galiza non é indecorosa vestidura con qu'a das capitalista acocha os seus apetitos; escudado no entusiasmo d'unha minoría intelectual dirixente e da masa dirixida, secularmente rebelde e amante das súas tradiciós ao igual que en Cataluña; nin unha distinta modalidade de intransi-zenza relixiosa e fanatismo absolutista — o antigo carlismo pasado pol-a península dos fillos de Loyola — disfrazado c'o roupaxe do culto a un pasado convencional que os sabios de Deusto terman pra que reviva, amparados no odio qu'inspiran ao povo vasco as tendencias ienadoras.

Mau ou bó, o nazonalismo galego é algo

propio que non vive de prestado nin de manía imitativa; non é coto pechado que particularismo de clas ou secta precuraron limitar nos estreitos moldes do seu interés, sinón campo aberto a todal-as aportaciós, a todal-as posibilidades..., algo vivo qu'está en continua formazón, onde non eisixese outra cousa fundamental qu'o sacro amor aos eidos dos nosos maiores e á súa liberazón e rexurdimento.

Pobre d'orixe, tivo por berce o entusiasmo d'uns cantos mozos románticos, cabaleiros do ideal, namorados da Galiza e da esperanza de vel-a forte, baruda e ceive. Eles forxano o espírito da boa nova, e coma froito da mocedad — e mocedad apaixonada — o nazonalismo ga'legó é, na súa esencia, desinterés, sagrificio, amor, «morriña», «saudade»..., e ante todo e sobor de todo, abnegación, entusiasmo.

Non podía ser d'outro xeito. Sendo primordial ouxeto do noso nazonalismo a creación d'unha vida e d'unha cultura propias, chabería de comenzar súa aituazón c'unha ideoloxía que si non copia, fore reflexo d'alleas necesidás, de reivindicaciós, d'outros povos?

Galiza con todos os caracteres d'unha nazón, perfectamente diferenciados e definidos, teu tamén un escintilante historial de rebeldías que, xa nas outas esferas do pensamento, xa nas más prácticas da aición, móstranos a existencia d'un xeral malestar, d'unha inquietude sin acougo, producida pol-a tiranía es-

NASCIMENTO

Ahi vem a Estrela, ahi vem sobre a Montaña,
Rompendo a sombra eterea do crepúsculo!
A paisagem tornou-se mais estranha,
Mais chea de silencio e de misterio...
Dormen ainda as arvores e os homens;
E nem sequer acorda a cotovía
Que, se ergue já seu canto, é porque sonha
E julga vêr, sonhando, a luz do dia.

E pelos negros pinchos, a Estrela:
É divino sorriso alumante...
Como é tão bela, olha! como é tão bela!
É lyrio de ouro aberto é rosa a arder!

Ahi vem a Estrela, ahi vem sobre a Montaña
Tão virginal, tão nova, que parece.
Sair das mãos de Deus a vez primeiral
E como sobre os montes resplandece!
O sol persegue-a, sim; ja no Levante
Vagamente se espalha a sua luz...
E a Penumbra não sabe, ainda hesitante,
Se acaso ha de ficar, se ha de partirla.

Ahi vem a Estrela alumando a Serra
E os olhos dos Pastores encantados,
Voltam-se para o céu.. E sobre a terra
Ha tristezas que fogem... sombras vagas...

Teixeira de Pascoaes.
De Maraños.

pritoal e material que soporta, e, contra a que loitan, a cotío, seus mais preclaros fillós.

A xenerazón presente non precisa buscar en eixanxeiras fontes o manantial de que se nutren as afirmacións básicas das súas teorías. Abonda e sobra c'ó caudal que nos legaron os antepasados, unido ao grorioso exemplo do seu persoal esforzo, consecuente e austero.

Mais o nazonalismo, anque continuación d'anteriores movementos reivindicadores da persoalidade colectiva, non limitase só a ser reproduzón correxida dos seus vicios e virtudes; respeta, eso sí, o fondo doitinal común, máis dando conta da responsabilidade histórica que ll'incumbe, recaba amplia liberdade pra lograr ser fel reflexo do espírito da época que ll'houbo donar a vida. D'iste xeito, une en síntese perfeita, a más pura tradición c'a poderosa forza renovadora da mente contemporánea.

T. LÓPEZ DA TORRE.

XAQUÍN LÓPEZ PITA

(ROLDAN-PADERNE)

Pro próximo 25 cómprese o cuarto aniversario da tua morte, querido e inesquencible amigo.

Desc'a destructora e inéxorable Segadora tronzou a vizosa espiga da tua vida, non transcurrou un día soio sin que, ferventemente, con relíxiosas unzóns, deixáramos de tirbutar un cariñoso recordo á tua memoria; e inda hoxe o mentala unha ves mais, n'istes instantes que apreixamos a pena pra lembrar aquela tristeira data, núbranse os nosos ollos con bágoas de emozón e apétansen os corazóns c'ó nó dotor, cal si de novo esperimentáramos a fonda amargura causada pol-o definitivo afastamento teu, amargura que chegou daquela o seu más doente cumé, cando o ser metido o cadaleito na fosquedad da foxa, o escalofriante ruido que perduceuse rachou o silenzio reconcentrado e respeitoso que reinaba no escuro e solitario cimitorio, somente animado por aqués que xuntos na común afiloxón tributabanche un cordial e sinxelo homenaxe.

Dend'aquel día o teu corpo dorme na tumba, que si non está cuberta de frío, h'chase docotío nimba da c'os recordos e sentimentos de teus pais, familiares e amigos.

Nin a rápida corrente dos anos c'os seus múltiples e variados accidentes, propicios o esquenimiento, nin os positivismos imperantes nin o exceticismo en boga, lograron esvair os sinxelos afeitos nados no trascurso da nosa vella amistade. Hoxe com'onte háchase ten recordo ocupando un lugar preeminente na maxinazón dos que contigo tivemos unha íntima convivencia espiritual e xuntos compartimos a edade más felís e ditosa da vida, esa edade orfa de ruindades e receios en que os sentimentos teñen o arume da rosa e a pureza inmaculada da gardenia.

Sí, malogrado amigo, a todo isto fixecheste acreedor; as tuas bondás perdúxeronos santos istiantes de espallamento tenro, e é que n'iles ollábamos o refresco do teu magnánimo corazón; teu extraordinario talento, que en ocasións d'abondo levóute polo camiño do trunfo, tivo sempre pra nos sabias reflexiones, atinados consellos que endexamáis agradecemos como debido fora,

Siliche vitorioso na loita da vida. Soupeche modelar tua i-alma c'os cices da intelixencia e da virtude: doux eiscelos artistas que fermosean e perfeicionan o espírito.

Ant'a morte — evolución da materia — non hai preferencias nin distingos, ela manda no concerto e suprema armonía de todal-as leis da Natureza.

Nón queremos rematar d'endergar i-tes ringlós sin ofercer os leitores de «REXURDIMENTO» unha das tuas páxinas literarias inéditas, con iste fin publicamos a continuación o maravilloso «NOUTURNO», lírica composición d'uno Rabindranath Tagore. N'hemos ser nos os que aproveitando esta ocasión fagamos unha apoloquia do teu traballo; o público e quen ten a verba.

NOUTURNO

I

¡Que triste, que triste é agora todo, xa sin ilusión, xa sin aquela leda e sosegada esperanza que fuxiu contigo!

Agora ¡que motonia absurda e abafante a d'este mundo, tan cativo pr'as nosas arelas, tan pobre, tan doloroso! ¡Este mundo, eternamente repetido, que somente sabe de nos traer ledicias e tristuras súpetas e que arrinchanos o máis nobre cando precurramos pór, firmemente, o noso corazón na esperanza d'algo eterno!

II

Aínda as mañás aquelas d'inverno, escintillantes e tristeiras ¡que cheas de senso cando ti ollábasme, cando eu t'ollaba: cando viamos o campo c'as suas vidres euoxitas, c'os seus arbres sin follas, atravesado pol-o río, lixugado e desbordante; cando viamos o lonxano camiño por onde, a cabalo, marchaba, quizais, algúns montañés c'ó seu gran paraugas aberto!

Aqueles serás de vrao, na que as mesmas pombaras viñan de contado, tau brancas, pasenamente, a inventar un breve mundo de felicidade no tellado da cas homilde!

III

¡Que triste, que triste é agora todo, xa sin ilusión, xa sin aquela leda e sosegada esperanza que fuxiu contigo!

Vellos arbres amigos qu'equí me vedes, soio, na noite; vella lúa nacente, misteriosas

somas caladas, que somente a miña i-alma escoita; que pobres, que doorosas sodes, xa definitivamente sin ela!

IV

Agora vénome eiquí a morrer e eiquí estou. Ao me marchar—pra sempre—quixera deixar unha vida sin pégada, descoñecida de todos, esquecida moi axiña, non lembrada endexamais.

¡Vello arbres amigos que vos erguedes, aló enriba, n'aquel outeiro, tan distante xa dos dos meus sonos; sede meus amigos, soio vos, os que sintades eternamente (cando a brisa e o anoitecer acaden, c'a canción perdida baixo a lúa e as estrelas indiferentes, a tristeza errante do campo), como eiquí latéxa meu corazón eterno, desamparado e soio!

AS DÚAS NACIOS IRMÁS

Portugal e Galiza ámanse e apreixóanse, e o agarismo conque entre si se ollan non pode ficar encuberto, pol-a sua inmensidade, e amostrase á faciana do mundo xurdio, inequescente...

Cando o «Día de Galiza» a «Aurora de Lima», de Viana do Castelo, pubricóu un número extraordinario, adicado totalmente á nosa Terra, e no que colaboraban os nosos grandes literatos. A Delegación da Irmandade Nazonalista en Madrid, enviou unha carta de fondo agradecimento, e de Portugal contestaron c'unha epístola dina de que todos os galegos a coñezan.

A continuación insértanse as dúas misivas de referencia:

I. N. G.

MADRID.—Julio 31 do 1922.

Exmo. Sr. Julio de Lemos.

A leitura do voso artigo n.º «Aurora do Lima» encheu-nos d'emoçon, pois revela-nos ben claramente que no seu amar á terra galega V. Excia soube-nos comprender, que sendubida siente-nos e ama-nos de verdade porque a tal perfeiçon de coñecimento, só nos é permitido chegar pol-o amor. Nós, estudantes galegos en Madrid, que ja temos ofrendada a vida enteira ao servizo do santo ideal de alevar a unha Patria; a esa homenaxe tan outa, a maior que até hoxe recibimos dos irmaos d'alén Miño, respondemos, en nome da Galiza nova, da que só quer ser galega, eiquí representada por ista Irmandade, que non hachamos palabras que agora poídan traducire n-estas liñas o noso agradecemento, mas

isa prova que nos dan d'amor só crémola en parte recompensada por estoutro amor que ja vai ha tempo incluído na nosa doutrina, co noso amor profundo, imorrente, infinito, que todos nós levamos no mais fondo das nosas almas á Terra portuguesa.

O conselleiro,
Mosteiro da Pena.

O Segredario,
Lois C. do Arroyo

VIANA DO CASTELO, em 5 de Agosto de 1922.

O regionalismo político da moderna Galiza, saído do mais belo movimento de regionalismo literário que eu conheço, é uma campanha feita de talento, mocidade e patriotismo que, pelas afinidades que concurrem nos galegos e minhotos, por forç i havia de interesar e ser sobremaneira simpático a estes últimos. E é ó que se verifica, sucedendo de ser este seu amigo apenas un intérprete de tais sentimentos.

Comoveu-me o oficio da I. N. G. de Madrid, e eu lho agradeço, pela grande e decisiva parte que os meus amigos tomaran nessas cautivantes manifestações da mocidade galega das escolas. Nunca aspirei a tamanho prémio—acredite—pelo meu modestíssimo traballo, em que, efectivamente, pus todo o meu coração, que ard^a de amor pela terra-irmá.

O número à Galiza saiu bonito. Mas incompleto, porque por falta de papel, deixei de incluir os originais de Noriega Varela, Felipe Pedreira, López Quiroga, Francisco Luis Bernárdez, E. Martelo Paumán, Samuel Eján, Ramón Vilariño de Sáa e do eminentísimo Murguia. Tenciono, porém, dar meia páxima de um próximo número de «A Aurora do Lima» com todos esses escritos preciosos.

Como ven os nosos leitores, a abraço que cingue ás naciós irmás apreixóase e afianzase.

D'ARTE

No escaparate do comerzo «El Gato Negro» estivo esposto fai unhas cantos días o magnífico álbum con que os vecinos da rúa de «Ana González» testimonian sua gratitud e persoal considerazón ó filantrópico brigantino D. Gonzalo González.

O dito álbum mostra nas pastas cobertas de ricá pel, uns artísticos relevés de prata executados pol-o oafebre Sr. Menlle, figurando tamén na garda unha adicatoria escrita por D. Francisco Veiga López coroada cun motivo alérgórico debido ó pincel do señor Núñez Díaz. Entrambos traballos así com'os feituos relevés mentados tiveron unánimes verbas de gabán-

za das persoas que os viron. A nosa embora a todolos que intervñeron na confección de tan eisprendido presente, facendoa asimesmo eistensiva ó Sr. González.

INTELECTUAES

—Ven—dixolle Emilio Candal ao seu amigo Pedro Loureiro—pasarás un bon momento.

—Home, certamente, non me estrevo; xá sabes que a min gústame pouco estar con xentes que non conozco, e sobre todo, tratándose d'eses señores *intelectuaes*, que serán uns vellos graves, fríos...

Ríuse Candal.—¿Coidas? Ven xa verás. Son todos forasteiros inda que viven aquí millor do que na propia terra: un é murciano, outro aragonés, manchego outro, leonés, americano... háinos de todas partes.

—E galegos, non?

—Aos galegos, sobre todo aos galegos *galeguistas* illes non conceden que poidan ser intelectuaes.

—E ti axúntaste co'elos?

Algunhas veces escoito a súas conversas desde un curruncho, coase como estrano a eles. Mais nos, os xornalistas temos que nos tratar con todo o mundo, ouvir as opiniós d'uns e outros... Ven, anda.

Daquela Pedro decidiuse. Despois de todo, con escoitar as súas discusíos nada perdería.

Entraron no café. Nun curruncho, d'arredor d'unha mesa estaban sentados cinco ou seis vellos, de cincuenta anos para riba, calados, serios, cavilosos.

—Aqueles son, pensou Loureiro, e dirixíuse cara a eles.

—Por aquí, por aquí—dixolle entón Candal collendo d'un brazo para guialo pol-a banda oposta. Loureiro comprendera tamén que iba mal dirixido ao ver que os señores canosos e serios cavilaban as xogadas do dominó que tiñan estendido no mármore. Pero quedou abrayado tamén ao ver que o periodista saudaba familiarmente un fato de rapaces, sete ou oito, que barullaban en torno d'outra mesa na que figúraban coma nun mostrario, dende a taza de café ata a cocktail, pasando pol-a cerveza e o coñac.

Loureiro sentouse tamén, duvidando ainda se por non estar aquel día a *peña* dos intelectuaes Candal acolleríase a aquelloutra reunión de amigos, mozos de bon humor seguramente; Alegróuse de que así fora: mais súpetamente comprendeu que novamente tiñase enganado.

Aqueles rapaciflos imberbes eran os intelectuaes.

—Esto—dizia un dos rapaces amostrando os versos d'unha revista—é calcado do teu poema «*Infelices*», aquel que encomeza:

O arboredo fai acenos
movido pol-o vento
e os labres rosa
d'unha virzinal mouza
tecen psalmodias no convento.

Este dice:

O vento xesticula
psalmodia o arboredo
chuvia astral
avionas fianeiras
tecen o liño sandoso
da brétema boreal

—É copia, non hai dúbida: é copia, a idea está calada.

E o poeta aludido—Si, hai algo de somellanza no

motivo, na forma tamén; mais eu non digo que seja un plaxio...

—Pois é, pois é...

—Efectivamente, López ten razón, é calcado—afirmaba outro.

—Xa ves se és grande—dicía un terceiro—que estes que se teñen por mestres inspiranse nos teus versos, e ainda más, non vacilan en aproveitar d'eles ata estrofas enteras!

—E que Del Cerro é un larchán; si señor, un larchán. Se traballara un pouco impoñeríase en toda España, porque ten talento.

—Gracias—dicía o aludido incrínándose, en bromas, máis afogado e fachendoso, o que non podía disimular do todo pesia a sorrisa.

—Ti tamén és outro larchán—seguía López dirixíndose a un rapaz gordo, ao que lle apuntaban uns peliños roxos baixo a nariz abermellado. —Cando vas a nos dar unha cousa; pero unha cousa grande ¿eh? dina de ti?

—Non sei. Agora estou facendo uns ensaios...

—Ensaics!—berraba o outro—pretestos para non facer nada de proveito. Traballa en algo grande, que traballando hache sair ben, que ti tes eencia e xenio d'abondo.

A Loureiro aquello parecía unha bróma. Aqueles rapaces falaban c'un ár de autoridade e trataban tan despeitivamente aos mestres reais nas artes e nas letras, que o facían encollerse na súa silla, calado coma un peto, non por os considerar de capacidade intelectual superior á súa, senón por non discutir con persoas que, según puido xusgar, tiñanse polos más grandes, polos más xeniaes artistas e literatos que habitaran endexamais a terra, inda que encorrenzaran d'aquela a esborranchar os papés c'os primeiros dibuxos, coas primeirás letras.

Loureiro distraíuse un instante ollando unhas rapaciñas que pasaban, ben vestidas, ben calzadas, nunha vaporosidade de gasas e decotes... cando volvے a escoitar a conversa dos intelectuaes estaban engolfados n-outras cuestión, tamén trascendentales para as cencias e as artes.

—¿Qué cór ten?—perguntaba un.

—Gris—respondía outro.

—Para qué sirve?—seguía o primeiro.

E López:

—Para pechar.

Daquela tres ou catro dixerón nun relance.

—Unha chave.

—Unha falleba.

—Un tarabelo.

E Lopez, negando.

—Non, non é eso. A ver, outro que pregunta.

Loureiro non quixo ouvir máis: ergueuse e saudando.

—Boas tardes, señores.

Dirixíuse á porta acuciando o ár fresco da tarde, á beira-mar. E cavilaba, ¿Pero estes rapaces coidarán que son efectivamente uns intelectuaes?

LEANDRO CARRÉ.

Na Cruxía.

||COMERCIANTES!!

Anunciádevos en "REXURDIMENTO". Moi axiña grandes reformas.

Véxase na páxina 6.º O viaxe do noso director.

DO ESPERTAR CALEGO

II

Esa táctica centralista que todo o dominóu, esos tres séculos de políteca escravizadora e afrancesada, tiveron por consecuencia pr'a Galiza un frío desarraosoado desdén: un desdén moi ofensivo por parte da Hespaña, que se troca n'un isolamento pr'a a nosa terra e unha absoluta desconsiderazón pr'os seus fillos.

A nosa desnazonalizazón chegou ao cume no ano 1800; n'el, se algunha vez se lembravan na Castela de Galiza era pra lle sacar recursos pr'o Tesouro Real. A nobreza deixara os seus fogares por outros máis ostentosos da Corte hespñola. O povo traballaba as terras de onde fuxiran, renegando d'elas, os donos seculares; e, abandoado en si mesmo, esmorecía, mentras nas cidades imponíase o blasfemo renegar de todo o propio: idioma, artes, costumes.

No Xaneiro de 1809 os franceses invadiron a Galiza, e este povo morto esperta, e el só, sin outros recursos qu'os seus propios, soupo, cal ningún na Hespaña, arreimpuxar ao estranxeiro invasor. Dende entón pódese decir que comenza o noso afianzamento. ¿Cómo se fixo? En galego, n'este idioma cen veces negado e escarnecido, aquel que relata as fazañas dos nosos valentes guerreiros, as que sellou c'o seu proprio sangue Fernández e Neira.

B. T.

A Compañía do Norte

Veñen alborozados e batindo as mans de contento os nosos colegas cruñeses porque a famosa e nunca ben ponderada Compañía que esprota nosa liña férrea, acaba de destinar como de esmola uns poucos vagós modernos decentes e confortabres pra o transporte de viaxeiros entre a Cruña e Betanzos.

Mais que eloxios, censuras merece a tal Compañía, pois é unha forma indireita de tomal-o pelo unha vez mais aos povos galegos: calados e sofridos.

De non ser polo tranvia a Sada —que as competencias de cote favorecen ao público pagano— non houbera medo que esos vagós viñeran a prestar o servizo que se di. Pouco é; pero ese pouco imos ganando. Mais elles non parece aos nosos coleguiñas que unha vez que a Compañía do Norte, ten tan bon material en reserva, debería destinalo non a tan cativo servizo senón ao servicio xeneral de todo o recorrido? Entre que dúrman n'unha das estaciós ou que vaian e veñan no camiño é preferible o último. Tal nos parece a nos o elemental e o que debera facerse. Por eso sería ben decirle a Dirección dos Ferrocarrís do Norte: —Garda onde os tiveches esos vagós, se non has de empregalos en todo o trayecto.

De non facelo así, de seguir calando e achantando é inúda de contra tel-a tontería de darrille as gracias a empresa por «tan gran favor», é seguir pasando praza de bobos e sermos merecedores de todo canto desprezo e bur'a faga de nos a poderosa Compañía.

Aquí ven que nin de perilla o romate de aquel famoso telegrama... *Son para ingresos*, co a sustitución da derradeira palabra dicindo... *Son para galegos*.

Cando teremos a decisión de perguntarllles aos poderes públicos e a todos os que non mangonean se formamolos galegos parte do Estado hespñol ou se somos tan somentes unha colonia?

Urxe sabelo d'unha vez para que en todo caso sepa Galicia, e de modo certo, o que mellor lle conveña facer.

De «A Nosa Terra»

Festa da poesía galega en Pontevedra

O semanario pontevedrés «La Provincia» organizou un certame da poesía galega. Compuxeron o xurado calificador os señores Barcia Caballero, Cotarelo e Cabeza de León.

Os premios foron adxudicados d'ests xeito:

Primer tema.—Canto a Galicia. Premio ao traballo que tiña por lema «Manseliñamente». Autor D. Francisco Bouza Brey, de Vilagarcía.

Mencions honoríficas aos traballos cuios lemas eran: «Morriña» e «Pan, Xusticia e Libertade», autores, D. Xerardo Alvarez Limeses, de Pontevedra, e don M. Lafuente, de Mondóñedo.

Segundo tema.—Premio ao madrigal cuio tema era: «O millor niño». Autor, D. Xerardo Alvarez Limeses.

Terceiro tema.—Premio a millor colección de cantares. Levou o premio o noso irmán e gabado poeta Victoriano Taibo, de Santiago. Menció, a D. Ricardo Barros, de Pontevedra, e D. Adolfo Mosquera, de Caldas.

Quinto tema.—Premio a o millor conto galego en verso. Premio a D. Antonio Carballal, de Villafranca do Bierzo.

Os temas terceiro, sexto, e séptimo foron declarados desertos polo xurado.

A nosa embora aos organizadores e aos poetas e literatos premiados.

Ieda vostede "REXURDIMENTO"

NOVAS GALEGAS

Camilo Díaz, o gabado pintor cruñés, portiu pra Berlín; onde se vai encarregar da dirección das oficinas que na capital de Alemaña ten a empresa Fraga de Santiago.

Facemos votos porque conquira éxitos este enxebre e gran artista.

Falecéu no Porto o esquisito pintor lusitano Joao Peralta. Sentimos a morte do admirado artista, quen non volvimos ver desde o vrao pasado, cando viñera a Galiza co gran Leonardo Coimbra a Alexandre de Córdoba.

A morte de Leonardo Rodríguez

Xa no prelo o número derradeiro fomos desgravidamente sorprendidos coa morte de Leonardo Rodríguez o gran galego e propagandista incansábel dos ideás da Terra.

Por máis que derradeiramente chegara ó alto posto de conselleiro da coroa—cárrego que desempeñou por certo coa xeral aprauso da opinión—podíase contar com a un nazionalista, pois n'iste senso viña axiñamente evoluzoando. Era o iniciador de «Roldas», esa follía cordial e infantil que dirixe o gran Cabanillas, e da revista ourensana «Nós», verdadeiro orgo da cultura galega.

Morre en prena xuventude, desaparecendo co il un dos mais outos valores da Galiza e unha das nosas espranzas más fundadas, pois así o contábamos de quen sendo de orixe homildísimo e somente polo seu talento i-los seus merecimentos persoás, chegou a ocupar tan outa maxistratura.

¡Descanse en paz!

O VIAJE DO NOSO DIREITOR

Fai poucas datas saliu para Madrid, c'o ouxeto de rompir os seus estudos de Odontoloxía, o xoven e ilustrado doitor en Medicina e director de «REXURDIMENTO» noso entrañable amigo Salvador Mosteiro.

Ten ademais por fin iste viaxe realizar certas xestios encamiñadas a facer do noso boletín un xornal verdadeiramente modelo na súa crá, e recabar, ademais, a colaboración de prestixiosas firmas no mesmo.

Non dubidamos qu'istas xestios—xi dende aquí comenzadas—sexen levadas n'feliz termo polo ro-un'ade de ferro e constancia do noso querido compaño, pois non outra causa esperamos do carácter traballador e perspicacia d'iste.

No intre de tempo que levamos dende a saída do primeiro número de convivencia nos tráfegos de redacción, tivemos ocasións d'abondo pra admirar as incontables virtudes que fermosean seu espírito informado d'amor pol-a Terra-Nai, e de recibir decote proveitosos leiciós do seu preclaro talento; endeben súa percuranza en desimulalo, dada a humildade e modestia que o caracteriza. Por iso moi confiamos na súa aitividade, pois temos fe cega posta n'il e sabemos que a guiarños polo mellor camiño.

As impresioes que comunicanos na derradeira misiva non poden ser más optimistas, anuncianos n'el haber xi concertado varios xurdidos extremos.

Nós dende aquí e na Crúña percurrimos secundari e compretar a súa xestión e d'isto xeito, moi axiña, poderímos sair «REXURDIMENTO» aumentado notablemente en tamaño e número de follas, así como mellorado na cláis do papel en que impriméntase, formato, traballo, etc.

Endexamois podemos cavilar que a opinión galesta de toda a nosa Terra e sobre todo Betanzos, o mundo poro que nos viu nacer—ibón dispensarnos unha recollida tan protetora e benévolas. Por isto debemos reiterar noso agradecemento a todal-as crases da cidade mariñán sin ningún distingo.

Dou isto, unha vez más, proba do seu amor polo progreso, e demostrou tanto intres os seus fillos todo aquello que significa cultura e traballo.

Entre as moitas felicitacions e xerbias d'a alento que recibimos dende o primeiro día, debemos dar conta ós nosos leitores de ofrecimento que fai unhas

cantas datas feitos por unha moi axurda Asociación de carácter cultural de fora da localidade a que propuxónos súa desinteresada axuda económica e literaria, aconsellándonos a creación d'unha Editora il que podería levar a cabo as reformas en «REXURDIMENTO» que ditas quedan e, ademais, acometer a imprentación de novelas galegas e outros traballos literarios e tipográficos.

Todas as melloras que conquiramos imprantará serán debidas ós que mentados quedan, e non a nós meros instrumentos do seu entusiasmo e simples intérpretes das súas arelas.

Como ista reorganización—de levarse a cabo—darianos moito traballo e, ademais, restariános tempo i-elementos, poidera moi ben suceder que suspendéramos a publicación do noso boletín mentras durara o curto período de evolución. Non sendo o afastamento definitivo o adiós que dariamos os nosos leitores e favorecedores, non sería polo mesmo o adiós amargurado derradeiro, sinón o deixa logo ledo e optimista cheo de esperanza e de fe que a xuventude galega c'o corazón ateigado de doces afeitos embalsamado c'o arume da saudade, da os seus amores e a súa terrá ó pisar a coberta do trasatlántico que á levalos alem o Océano, pensando sempre en poder retornar adornados de galas e riquezas.

Verbo de vida e de puxanza é o que encabeza a nosa follía; e comprindo unha vez más o seu simificado, que pra nosoutros foi sempre todo un lema, surxiremos de novo cal a mitolóxica ave Fénix, mís brillantes e rexos das nosas propias cinzas.

O temor a incurrir na súa xenreira i-o non ser nos os mís chamados a gabalo, dadolos vínculos que ó querido Mosteiro nos axuntan, obriganos a dar romate o noso escrito.

Desezámoslle moitos éxitos e cubizamos voltar axiña a velo para podelo cinguir en forte aperta.

DEPORTES

Na xuntanza prá elección de cargos no Club Betanzos F. C. que tivo lugar o outro día, quedaron elexitos para presidente, Montes (M.); Tesoureiro, Alvarez, (M.); segredario Candal (J.) e capitán, Peña (C.).

O domingo próximo día 15 virá a xugar c'o primeiro de Betanzos, o equipo da Crúña, Orzán F. C. O partido comenzará ás tres e media.

Ténense concertados diversos partidos c'os principais equipos da provincia. Moi axiña terá de faguer nos unha visita o primeiro teamo Deportivo de Ferrol que é en categoría un dos mellores de Galicia.

¿QUÉRER FACER ECONOMÍAS?
MERQUE NA CASA

ABARRÁTEGUI-BONOME

Pañería, Lanería, Pañolería, Paquete-
ría, Camisería, Lencería e demáis
tecidos.

Sánchez Bregua, 3 (Soportáis d'a Praza)

Novas locaes

Para mui pronto está concertada a boda do noso amigo e membro da Irmandade Nazonalista, Agustín Novo, c'oa simpática e xentil rapaza Pura Barreiro. Nosa embora.

Un d'estes días embarcará para Bos Aires noso bó amigo o simpático xoven Cesar Martínez. Desexámoslle moita sorte.

O xueves día 12, aniversario do descubrimento de América, celebróuse con música e iluminación nos paseos. Foi este o único festivo con que se conmemorou na cidade e xurdia data que sinalou unha nova etapa nos desíños do mundo.

O 3 do corrente chegou procedente d'Africa, onde estivo comprendido seu servizo militar como médico dos hospitales de sangue de Melilla, dende recén acaecido o desastre do derradeiro ano hasta a fecha, noso querido amigo Xosé Vázquez.

Axiña unirán súa sorte diante o altar o xoven comerciante, que conta simpatías conta, a quien todos nós tanto apreciamos, José Fernández Varela e a xentil Antonia Rodríguez.

A VE'DIMA

As faenas da vendima en toda ista comarca tiveron romate c'un tempo espródigo. A anada recollita foi abundante e os mostos obtidos de primeira calidá. Lástima que a natural bondade dos nosos caldos vinícolas sexa anulada polos rutinarios procedimentos anti-gaos eiqui usados. A base de viños parcidísimos ós nosos, obteñen en Ramalloso e no valle Miñor os eiselentes chaipaños e viños de mesa competidores dignos c'os marcas francesas más afamadas. Xa vai sendo hora de que os cosechadores se xunteñan co fin de fundar unha escola viti-vinícola donde se enseñen os novos procedimentos enólicos ós traballadores e xornaleiros rurais d'ista; pois en verdade moi o necesitan. Esta asociación podería ademais organizar unha oficina de propaganda e contratación dos viños da comarca; pois sabido é que a intensificación e aumento na produción pola reprovação de vides americanas en sustitución das antigas castas, dará orixe a unha depreciación enorme no valor dos nosos viños sinón se lles busca mercado fora.

Isto último non corre presa n'oustante resolvelo por agora, pois drezo ten d'abondo o viño; pro tendo en conta a abundancia que vaise descolgar dentro de tres ou catro anos pola razón dita, mais pol o aumento de número de países secos que esprimentase todolos anos, isto e, prohibicionista da fabricación, importación, venda e consumo de toda crás de alcohol s e viños, convén ir tomado en serio e pensando en resolver o problema que avecínase.

LIBROS E REVISTAS

A NOSA TERRA, Cruña.

Chegou as nosas maos o número 171 de tan galeguista e popular publicación. Contén traballois tan notaveis i-escoleitois como os anteriores. Entre outros non menos xuidios publica orixinas de Vicente Risco, Basilio Alvarez, Victoriano Taibo, Leandro Carré. Contén, ademais, comentarios sabrosísimos e novas de muito intrés.

O OLLO DE VIDRO, por Castelao, "Céltiga" Ferrol.

A formidábel humorada que constitui o núm. 7 da mensual publicación galeguista ferrolana acaba de sair a lus, pode considerarse sin d'romo de ningunha eras a paxina máis fortemente humorista da literatura universal contemporanea.

Nada engadiremos sobre do éxito franco que tivo, contribuindo a illo, ademais do texto e ilustracions do gran Castelao, a inmellorable presenta-

ción tipográfica de que poden facer alarde non somente os editores, si non os talleres que o imprimaron.

D'este número foi feita unha tirada especial de cen exemplares numerados e firmados pol-o autor, vendéndose cada un ó prezo de 5 pesetas.

GRÁFICA, A CRUÑA.

O derradeiro número intresantísimo como os que o precederon. Tan xurdia e a parte gráfica como a literaria e non cabendo facer d'ilo ponde-ración algúns, por ser poucas todal-as verbas encomiásticas que se lle adiquen.

A N A G R A M A

Entra as moitas escravas que tiña no seu haren o "Kedit" de Marruecos Ali-ben-Ali; sobresalía unha que pola súa fermosura era coñecida pol-o nome de:

RIRNANP LA DE FEZ

Trocá as letras d'ista frase pra que resulte o nome d'unhas das rapaces más simpáticas da localidade.

A soluzón ao anagrama derradeiro corresponde a linda cruñesa.

MARUJITA VEIGA.

BRIGANTINOS:

Si queredes mercar mobles baratos, visita de a nova sucursal do Bazar e Almacén de mobles da rúa do Valdoncel, núm. 43, onde atoparedes os ouxetos que deseedes a precios moi económicos.

Casa central:

FERNANDO LAGO

Panadeiras. 16, CRUÑA.

(SIN BAÑO)

SARNA

—Ay! Canto me pica a sarna,
Inés do meu corazón.

—Eso curáse, ten calma:
merca ESTEAGENOL LAFONT.

E o remedio soberano pra combatir o «Sarcoptes» Sólido. Olor grato, 1'50 ptas. en todal-as Farmacias e Droguerías d'Hespana e Norte d'Africa, e na Farmacia da Vda. de Lofont, Cantón Grande, 39, Betanzos.

Imp. de M. Villuendas.—BETANZOS.


DIAMANTES AMERICANOS

REAL, 24.—A CRUÑA

A casa máis importante de **ÓPTICA** da Galiza

ENVÍOS CERTIFICADOS A PROVINCIAS

CATÁLOGOS GRATIS A QUEN OS SOLICITE.



**PAQUETERÍA, QUINCALLA
EL GATO NEGRO**

— PRECIO FIJO —

Viuda e fillos de Valerio Núñez

Casa especial pra ouxetas d'adorno e fantasia.

Louza e bateiría de cociña.

Vidrio cha e oco. Pinturas e barnices:

Venda eiscrusiva da KROMINA.


Venda eiscrusiva dos cementos marca «ANCORA»
dos fillos de Rezola de San Sebastián.

Materias de construzón.

RUATRAVEZA, 35 E 37. TELÉFONO, 15

BETANZOS

Antigua casa establecida no ano 1879.



**ZAPATERIA
DO CANTÓN**

A que máis surtido ten.
A que máis barato vende.
Compre vostede ali.

JOSE IGLESIAS MASDIAS

MERCEAIRÍA, PAPELEIRÍA E QUINCALLA
Praza da Constitución, 2.

FERRETERÍA

Ferramentas, Ferraxes e Puntas. — Gran surtido en
bateiría de cociña.

Non merquedes denantes de visitar esta casa.

Ferreiros, 19.—BETANZOS.

H. COMERCIO

Ramón G. Pernas

(SUCESOR DE JOHAN LOPES)

Praza d'Arines.—**BETANZOS.**

É a millor, máis céntrica i-eómeca da cidade. Visítela os señores viaxeiros e convenceranse.

Si queredes mercar barato visitade o novo
establecimiento de

PANOŠ, TECIDOS E NOVEDADES

— DE —

R. MONTES

Ruatravesa, 2, esquina ós Prateiros, — **BETANZOS**

PRECIOS FIXOS

“HIJOS DE A. NUÑEZ”

CASA FUNDADA EN 1871.

Almacès de tecidos e móbiles

Sánchez Bregua, 2 e 13

Librería, Papelería, Paquetería e Quincalla

Plaza d'Arines, 32.

— BANCA —

Compra-venda de valores, xiros, órdes telegráficas e
toda crás d'operaciones bancarias.

**FARMACIA E LABORATORIO
DOCTOR COUCEIRO**

Plateiros, 8 (Frente á Ruatraviesa)

BETANZOS

JOSE FERREIRA

MENDES NUÑEZ, 17

Tecidos nacionaes i-estranxeiros.—Paqueteiría e
Quincalla.—Gran surtido en parauguas.—Por fin da
temporada sáldanse etaminas, crespos, sedas e todo
crás d'artigos de vran.

Visiten esta casa e mercarán a precios baratísimos

NOS

BOLETIN MENSUAL
DA CULTURA GALLEGA

Ademítense suscripcións n'esta redaición.

Aparellos e accesorios cinematográficos.

L.. GAUMONT

Casa central en París. Representante en Galicia, Xo-
sé Ferreira, Méndez Nuñez, 17;

BETANZOS

GRAN CASA PÁA VIAXEIROS

JOSE BARREIRO REY

Monxas, 4-A.

Teléfono n.º 44

BETANZOS

CONFITERÍA

Constantino Rábade

SORORTAS DO CAMPO

Dulces finos

Fanse toda crás d'encárregos.

Imprenta de M. Villuendas, Valdoncel, 50